



Servizo para a elaboración e difusión dun calendario transfronteirizo de actividades e eventos deportivos, culturais, e formativos e organización e execución de dúas andainas guiadas no proxecto de dinamización conxunta da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (Gerês-Xurés dinámico), cofinanciado nun 75% polo Programa INTERREG VA España-Portugal FEDER

Proposta Nº SA-A-0123/17

  
**Sterna**  
Xestión Ambiental S.L.

Xuño 2018

## Camiño Privilexiado

**Data:** 23/06/2018

**Participantes:** Asistencia libre e gratuita

**Inicio:** Pitões da Júnias

**Fin:** Salgueiro

**Lonxitude:** 10,5 Km

**Horario** 10:30 a 17:00

**Programa da actividade:**

O Comercio a través da fronteira, o Couto Mixto e a vida na montaña.

Xornadas Reserva da Biosfera Transfronteiriza Xurés/Gerês

**Participantes:** Asistencia libre e gratuita

**Contido da actividade:** Actividade de concienciación sobre os valores ambientais e etnográficos da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Xurés/Gerês

As actividades inclúen o traslado en autocar dos participantes dende Ourense e os concellos da RBTGX (en función das inscricións) e dende o centro de información do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés a Tourem, dende alí mediante unha visita guiada polo Camiño Privilexiado, entrega de información impresa e bolsa serigrafiada con pic-nic e unha visita guiada nos distintos lugares, seguindo o seguinte programa:

**Sábado**

10:00 Desprazamento en autocares dende o centro de visitantes do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.



10:30-11:00 Chegada e recepción dos participantes na aldea de Tourem.

11:00-14:00 Percorrido polo Camiño privilexiado e explicación na igrexa de Santiago de Rubiás

14:30 Pic-nic

15:30 Visita guiada polas brañas de Tosende.

17:30 Regreso en autocar cara a Sede do Parque Natural en Lobios concellos da RBTGX e Ourense.



## Pitões - Salgueiro

**Data:** 24/06/2018

**Participantes:** Asistencia libre e gratuita

**Inicio:** Pitões das Júnias

**Fin:** Salgueiro

**Lonxitude:** 10 Km

**Horario** 10:30 a 17:30

**Contido da actividade:**

Realizarase unha visita guiada con saída dende Pitões das Júnias e finalización na aldea de Salgueiro


10:30-11:00 Chegada e recepción dos participantes na aldea de Pitões.


11:00-14:30 Percorrido por Pitões e inicio da camiñada ata a aldea de Salgueiro.

14:30 – 17:30 Almorzo e actividades de coñecemento do medio natural e etnografía na aldea de Salgueiro.

- O ciclo do pan, preparación de pan e bolos preñados no forno tradicional da aldea de Salgueiro.
- Percorrido etnográfico pola aldea de Salgueiro a eira, ao muíño e a alvariza. A actividade humana o medio natural e o aproveitamento sustentable dos recursos.

17:30 Saída en autocar cara a Sede do Parque Natural en Lobios concellos da RBTGX e Ourense.







# O comercio a través da fronteira O Couto Mixto e a vida na raia

## *Xornadas na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês/Xurés Sábado 23 xuño*

*10:00 Andaina polo Camiño Privilexiado  
Explicación sobre o Couto Mixto ao cargo de  
Cesareo González Veloso*

*Home de acordo e Xuíz honorario do Couto Mixto*

*16:00 Natureza do Val do Salas*

*17:00 retorno nos autocares*

## *Domingo 24 xuño*

*10:00 Andaina dende Pitões a Salgueiro*

*14:00 Visita a Salgueiro e fornada de pan*

*17:30 retorno nos autocares*

*Sairán autocares de Ourense e os concellos da Reserva da Biosfera  
Transfronteiriza Gerês / Xurés*

*Información e reserva [parque.natural.xures@xunta.gal](mailto:parque.natural.xures@xunta.gal) Telef. 988788755  
Inscripcións ata 22 de xuño*

